




Área / Unidad SERVICIOS GENERALES DE BIENESTAR SOCIAL SB0000 CAG	Documento 22217I01ES	
Código de verificación  6S1S 4W23 5433 4O3X 075D	Expediente 222/2023/116	
	Fecha 22-03-2023	

**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROMOVER O BENESTAR E O AUTOCOIDADADO
DAS PERSOAS COIDADORAS DE PERSOAS DEPENDENTES NO EXERCICIO 2023**

Artigo 1.- Obxecto e finalidade

É obxecto desta convocatoria regular a concesión de axudas económicas para o pagamento de servizos destinados a promover o benestar e o autocoidado das persoas coidadoras de persoas dependentes que teñan recoñecido un grao III de dependencia e que estean atendidas polo servizo de axuda no fogar municipal, na súa modalidade de dependencia, de acordo coa correspondente resolución do programa individual de atención (PIA) de dependencia.

A aprobación desta convocatoria realízase de conformidade coas competencias atribuídas a este concello pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizo sociais comunitarios e o seu financiamento, e en aplicación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como as normas de carácter regulamentario que as desenvolven.

Artigo 2.- Réxime xurídico.

2.1. A presente convocatoria rexerase pola seguinte normativa:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante Lei Xeral de Subvencións).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante Regulamento Xeral de Subvencións).
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, (BOP nº 40 de 19/02/2005). Esta ordenanza funcionará como bases reguladoras e será de aplicación naquelas cuestións non especificamente reguladas na presente convocatoria.
- Demais regulamentos de desenvolvemento e outras normas concordantes e de pertinente aplicación, axustándose, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Así mesmo, resultan de aplicación a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Instrución de transparencia do Concello da Coruña, e a



Ordenanza municipal para a igualdade e a diversidade aprobada polo Pleno ordinario do 3 de outubro 2019 (BOP nº 204 do 25.10.2019).

2.2. A convocatoria estará dispoñible nos seguintes medios:

- Taboleiro de anuncios e edictos da Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/>
- Base de Datos Nacional de Subvencións: <http://www.infosubvenciones.es>
- Un extracto das bases da convocatoria publicarase no Boletín oficial da provincia da Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/>

Artigo 3- Crédito orzamentario e asignación individual de axuda.

3.1.- O crédito total destinado a esta convocatoria é de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €), que se imputarán á aplicación orzamentaria 51.231.489.00 dos orzamentos municipais para o ano 2023.

3.2.- A axuda individual consistirá nunha achega económica máxima de 500,00 € a cada persoa beneficiaria da axuda que reúna os requisitos previstos no apartado 5 desta convocatoria.

Artigo 4.- Compatibilidade das axudas.

4.1. Esta subvención é compatible con calquera outra subvención outorgada por outras institucións ou entidades, públicas ou privadas.

4.2. A persoa cuidadora solicitante da subvención deberá presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, usando o formulario establecido para o efecto nesta convocatoria, declaración que terán que volver achegar actualizada sempre que varíe a situación inicialmente declarada.

4.3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo do servizo recibido.

4.4. No caso de percibir outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente á execución das actuacións. A comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 5.- Requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria da axuda.

5.1.- Poderán ser beneficiarias das axudas recollidas na presente convocatoria as persoas que reúnan todos os requisitos seguintes:

- a) Que declaren ter a condición de persoas cuidadoras de persoas dependentes que teñan recoñecido un grao III de dependencia e que estean atendidas polo servizo de axuda no fogar municipal, na súa modalidade de dependencia, de acordo coa correspondente resolución do programa individual de atención (PIA) de dependencia.

Non se considerará como persoa beneficiaria destas axudas a aquelas persoas que poidan declararse como cuidadoras de persoas dependentes de grao III con resolución doutros



recursos ou libranzas do sistema de dependencia diferentes do servizo de axuda no fogar municipal, na súa modalidade de dependencia.

- b) Dispoñan de DNI ou NIE.
- c) Que figure empadroada no concello da Coruña no mesmo domicilio que a persoa dependente á que se refiren os coidados, segundo o sinalado no apartado anterior a) deste Artigo.
- d) Que se atopen ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), co Concello da Coruña, así como coa Tesourería Xeral da Seguridade Social. Con todo, tendo en conta que o importe destas axudas é inferior a 3.000 euros e, de acordo con o previsto no Artigo 24 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, esta circunstancia poderá acreditarse mediante a declaración responsable da persoa solicitante, que substituirá á presentación os certificados correspondentes. Está declaración responsable terá validez para todas as fases do procedemento, incluída a fase de xustificación das axudas.

5.2.- O cumprimento dos requisitos en relación co empadroamento e co recoñecemento do grao deberán cumprirse en todo caso o día en que se presente a solicitude de axuda e manterse durante todo o período subvencionado.

Artigo 6.- Gastos subvencionables

6.1.- Tendo en conta que a finalidade da convocatoria é promover o benestar e o autocoidado de persoas que teñen a condición de coidadoras, consideraranse gastos subvencionables os realizados durante o ano 2023 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023) que teñan a seguinte natureza:

- A. Respiro familiar mediante a contratación de horas de servizo de axuda no fogar (SAF) cunha entidade prestadora autorizada ¹.
No caso de que a persoa sexa solicitante concesión de axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a través do programa Respiro familiar para persoas coidadoras para o ano 2023 (código de procedemento BS614B), deberá facerse constar a axuda solicitada na solicitude de axuda formulada ao abeiro da presente convocatoria.
- B. Os seguintes servizos destinados unicamente á persoa beneficiaria da axuda (coidador):
 - Fisioterapia, incluída a modalidade de prestación a domicilio.
 - Terapia psicolóxica.
 - Formación no desenvolvemento de capacidades ou habilidades para o coidado de persoas dependentes.
 - Participación en terapias de grupo ou en grupos de autoaxuda.
 - Ximnasia, natación terapéutica, loga, Pilates, Tai-chi, ou calquera actividades deportiva ou lúdica que teña como finalidade promover o movemento e o exercicio físico da persoa beneficiaria.
 - Podoloxía

¹ Consulta ao rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais-RUEPSS:
<https://politicassocial.xunta.gal/XiacWeb/>



- Tratamentos de talasoterapia, masaxe, relax e benestar en SPAs, balnearios ou instalación de similar natureza.

Non se subvencionarán gastos incluídos neste apartado B nos que o destinatario sexa unha persoa distinta do/da coidadora, non podendo imputarse servizos de atención á persoa dependente.

6.2.- Non se subvencionarán en ningún caso os gastos realizados ou pagados en exercicios anteriores ou posteriores ao ano 2023 nin os que non se correspondan cos conceptos anteriores.

6.3.- No caso de que unha vez concedida a axuda se produza un cambio das circunstancias que motivaron a concesión (cambio do plan individual de atención con baixa no servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, falecemento da persoa dependente, cambio de empadramento do/a coidador/a ou da persoa dependente) serán subvencionables unicamente os gastos ata o momento concreto en que se produza esta circunstancia.

Artigo 7.- Procedemento. Concesión de axudas en réxime de concorrencia non competitiva.

7.1. Establécese un procedemento de concesión en concorrencia non competitiva, de acordo co disposto no Artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que, de acordo coa finalidade e obxecto da convocatoria, non resulta necesario realizar a comparación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola previa comprobación da concorrencia na persoa solicitante dos requisitos establecidos na convocatoria, ata o esgotamento do crédito orzamentario, seguindo estritamente a súa orde de presentación; por este motivo, non é necesario ponderar as solicitudes nin constituír unha mesa de avaliación.

7.2.- Con todo, no caso de que o crédito dispoñible non fose suficiente, por superarse o importe máximo do mesmo, establecerase como criterio a orde de presentación das solicitudes no rexistro de entrada e, se coincidisen na mesma data, a prelación virá determinada pola hora de presentación da solicitude.

7.3.- No caso de non se presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de entrada a da última presentación da documentación relativa á solicitude correspondente.

Artigo 8.- Procedemento: Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento

8.1. De acordo co establecido no Artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar, a instrución do procedemento de concesión corresponde á Xefatura do Servizo de Servizos Sociais dado que ten atribuída a competencia para a xestión deste expediente, que actuará en calidade de órgano instrutor, de conformidade co Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións.

8.2. O órgano competente para resolver as solicitudes será a Tenente de Alcadesa responsable da área de Igualdade, Benestar Social e Participación, por delegación da Xunta de Goberno Local, outorgada mediante acordo deste órgano do 28/06/2019 e publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 124 do 3/07/2019.



Artigo 9.- Procedemento: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes

9.1.- A solicitude específica de subvención presentarase polas persoas solicitantes previa cita, nos rexistros municipais (María Pita, Fórum Metropolitano, Ágora e Franxa), no rexistro telemático da sede electrónica municipal (<https://sede.coruna.gal/sede/es/tramites-y-servicios-electronicos/registro-electronico>), así como en calquera outro dos previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes poderán presentarse dende o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín oficial da provincia de A Coruña **ata o 16 de setembro de 2023**.

9.2.- Só será posible a concesión dunha solicitude por cada titular dun programa individual de atención (PIA) no que se recoñeza o dereito ao servizo de axuda no fogar de atención á dependencia con recoñecemento de grao III. No caso de que se comprobase polos servizos municipais a existencia de varias solicitudes referidas a unha mesma persoa dependente será obxecto de valoración e concesión unha única axuda, tendo prioridade, de ser o caso, a realizada en primeiro lugar.

9.3.- As solicitudes deberán incluír a documentación que se indica a continuación:

- 1. Solicitude específica** debidamente cuberta e asinada pola persoa solicitante ou por quen exerza a representación, de ser o caso.

Coa sinatura da solicitude autorízase ao Concello á consulta dos seguintes datos:

- Dispoñer de DNI, NIE ou número de identificación fiscal válido.
- Inscripción de empadramento no Concello da Coruña.

No caso de oposición á consulta presentado conforme o anexo II, a persoa solicitante deberá presentar xunto coa solicitude a documentación acreditativa do cumprimento destes requisitos.

A persoa solicitante fará constar na solicitude o importe solicitado ata un máximo de 500,00 euros. No caso de non constar a dita cantidade entenderase que a persoa solicita o importe máximo da axuda.

Na solicitude específica, a persoa solicitante, coa súa sinatura, declara de xeito responsable:

- Que ten a condición de persoa cuidadora dunha persoa dependente que teña recoñecido un grao III de dependencia e sexa titular dun programa individual de atención (PIA) en activo no que se recoñeza o dereito ao servizo de axuda no fogar municipal na modalidade de dependencia.
- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Que non incorre en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario que establece o Artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Artigo 9 do Regulamento de Subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



- Que a persoa solicitante se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención.
- Que non incorre en ningunha das circunstancias previstas no Artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que coñece a súa obriga de comunicar inmediatamente aos servizos municipais;
 - Cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
 - A alteración de calquera circunstancia ou requisitos que motivou a concesión (falecemento ou cambio de recurso no plan individual de atención, cambio de empadramento da persoa dependente ou da cuidadora...).

Por último, a solicitude específica recollerá unha declaración da persoa solicitante sobre outras axudas solicitadas ou concedidas para mesma finalidade ó longo de 2023.

2. **Anexo I**, para a autorización da consulta de datos da persoa dependente.

No caso de non se permitir pola persoa dependente a consulta do seu plan individual de atención, para comprobar o dereito ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia e mais do seu grao de dependencia recoñecido, deberá achegarse a documentación que acredite estas circunstancias.

3. **Modelo normalizado de “Solicitude de alta ou modificación de datos en terceiros”** do Concello da Coruña, no que se fará constar a conta bancaria da que a persoa beneficiaria é titular e que deberá vir selado pola entidade bancaria. ²

No caso de oposición á consulta de datos da persoa solicitante deberá de presentarse o anexo II desta convocatoria.

Artigo 10.- Obrigas das persoas beneficiarias.

De acordo co establecido no Artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións, as persoas beneficiarias da subvención obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar e adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Manter durante todo o período subvencionado os requisitos que foron determinantes para a concesión.
- c) Comunicar ao órgano que concede a axuda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados.
- d) Comunicar aos servizos municipais, nun prazo máximo de dez días, calquera cambio ou alteración dos requisitos ou circunstancias que motivaron a concesión: falecemento ou

² O modelo está dispoñible no seguinte vínculo:

https://sede.coruna.gal/descarga/1390788791572/mod040_Terceros_campos.pdf



cambio de recurso no plan individual de atención, cambio de empadramento da persoa dependente ou da persoa cuidadora...

- e) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- f) Os demais deberes impostos pola Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, pola Lei Xeral de Subvencións e Lei de Subvencións de Galicia, a Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Ordenanza municipal para a igualdade na diversidade.

Artigo 11.- Procedemento: Instrución e emenda da solicitude.

11.1.- Logo de que se presente a solicitude, iniciarase a instrución do procedemento por parte do órgano responsable, para o que se revisará a documentación achegada e se verificará o cumprimento dos requisitos sinalados na convocatoria.

O procedemento, sometido ao principio de celeridade, impulsarase de oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos, respectando os principios de transparencia e publicidade.

No despacho dos expedientes gardarase a orde rigorosa de incoación en asuntos de homoxénea natureza, salvo que o titular da unidade administrativa dea orde motivada en contrario, da cal quede constancia.

11.2.- De conformidade co establecido no Artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria, o órgano responsable da tramitación requirirá as persoas interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos.

Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, se considerarán por desistidas da súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos previstos no Artigo 21 da dita lei. Non obstante, admitirase a actuación da persoa interesada e producirá os seus efectos legais, se se producir antes ou dentro do día en que se notifique a resolución en que se teña por transcrito o prazo.

Artigo 12.- Procedemento de concesión: proposta de concesión, non admisión a trámite e denegación. Resolución de concesión da axuda.

12.1.- O órgano instructor realizará, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, e poderá requirirlle á persoa solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento.

12.2.- Logo de examinar as solicitudes presentadas ao respecto do cumprimento dos requisitos do apartado 5 da convocatoria e da presentación da documentación obrigatoria, o órgano instructor formulará a proposta de resolución, con carácter individual, ou ben, de xeito agrupado, para outras que se atopen no mesmo momento do procedemento.



12.3.- En todo caso, non se admitirán a trámite, sen necesidade de dar audiencia ás persoas interesadas, as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na convocatoria, das que se acordará a súa non admisión e se procederá o seu arquivo.

12.4.- A resolución será motivada e deberá expresar a concesión, non admisión a trámite ou denegación de cada solicitude de axuda.

12.5.- O órgano que dite as resolucións e actos administrativos notificaraos ás persoas interesadas cuxos dereitos e intereses sexan afectados por aqueles, nos termos previstos nos Artigos seguintes. Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de dez días a partir da data na que o acto fose ditado, e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de se pon fin ou non á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, se for o caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o cal se deban presentar e o prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, se for o caso, calquera outra acción que consideren procedente.

12.6.- Tendo en conta as características das potenciais persoas beneficiarias de estas axudas, as resolucións que poñan fin ao procedemento serán notificadas en papel no domicilio indicado na solicitude, podendo utilizarse ademais outros medios de notificación complementarios. En todo caso será aplicable o previsto nos Artigos 41 e 42 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

12.7.- O prazo para resolver e notificar a resolución das axudas será de tres meses, contados desde o día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes poderanse entender desestimadas.

Artigo 13.- Recursos procedentes contra a resolución do procedemento

13.1.- A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa.

13.2.- Contra a dita resolución caberá a interposición dun recurso contencioso-administrativo, nun prazo de dous meses. Non obstante, as persoas interesadas poderán, opcionalmente, presentar un recurso de reposición ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes, caso no que o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo comezará a contarse a partir da notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta (art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non está suxeita a un prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

Artigo 14.- Pagamento das subvencións

14.1.- De acordo co establecido no Artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións e a Ordenanza xeral de subvencións de Benestar, dadas as características da convocatoria e a cancelación dos créditos na aplicación a 31 de decembro do ano 2023, para facilitar o financiamento dos gastos vinculados o obxecto da convocatoria, acordarase, de oficio, o pagamento anticipado de todas as subvencións outorgadas.

Neste caso, deberá constituírse unha garantía do 2% do importe total da subvención concedida, que se fará efectiva mediante unha retención sobre o propio pagamento anticipado por parte do



concello. Logo de que sexa efectuada a xustificación da axuda, e non existindo responsabilidade por parte da persoa beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

14.2.- O pagamento realizarase mediante un ingreso na conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria a través do modelo de alta ou modificación de datos en terceiros, presentado xunto coa solicitude.

Artigo 15.- Forma e prazo da xustificación:

15.1.- As persoas beneficiarias da subvención virán obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

A documentación acreditativa da xustificación da subvención, deberá presentarse no rexistro municipal logo de finalizar as actividades subvencionadas e, en todo caso, antes do **31 de xaneiro do 2024**.

15.2.- No caso de non se producir unha adecuada xustificación, isto poderá dar lugar á perda do dereito á cobranza total ou parcial, cando non se consideren realizadas as actuacións obxecto de subvención.

15.3.- O Concello da Coruña resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, a persoa beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, os servizos de auditoría que se poidan contratar, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

Artigo 16.- Documentación da xustificación:

16.1. -Para a correcta xustificación da subvención é necesaria a presentación da seguinte documentación:

1. Anexo de xustificación (anexo III).

Neste anexo a persoa beneficiaria fará constar:

- Que se mantiveron vixentes os requisitos que determinaron a concesión durante todo o período no que se realizou a actividade, .
- Listado dos gastos realizados polas persoas interesadas con cargo á convocatoria. O total contido na listaxe deberá coincidir cos xustificantes presentados para a xustificación.

2. Copia das facturas (ou documentos de valor probatorio equivalente) acreditativas dos gastos realizados, onde consten expresamente a identificación (nome e documento de identificación) da persoa coidadora e o servizo recibido, debendo facer constar, ademais, en todo caso, o día no que se prestou o servizo.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

3. Acreditación do pagamento dos xustificantes de gasto. Respecto da acreditación do pagamento debe terse en conta que:

- Só se admitirán os gastos pagados durante o ano 2023 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2023).



- Poderanse realizar pagamentos en efectivo polo importe total da cantidade concedida (500,00 €) debendo figurar no propio xustificante de gasto a lenda “pagado en efectivo na data XX/XX/XXXX” ou similar, xunto cun NIF e sinatura da persoa que recibe o importe. Non se admitirán como xustificación as facturas nas que non apareza acreditado o pagamento, a data de pagamento, ou ben, nas que non figure a persoa que recibe o ingreso en efectivo.
- No caso de pagamentos por transferencia bancaria, ou domiciliación dos gastos, deberá achegarse, xunto coa factura, o xustificante de pagamento bancario (folleto, extracto bancario, débito ou movemento bancario, orde de transferencia e/ou xustificante do ingreso efectivo na conta bancaria da persoa beneficiaria). En todo caso deberá figurar no xustificante como titular da conta a persoa beneficiaria da axuda.
- No caso de pagamentos con tarxeta de crédito deberá acreditarse documentalmente que existe unha correspondencia entre a persoa titular da tarxeta e a persoa beneficiaria da axuda económica. Para estes efectos poderá presentarse unha copia da tarxeta na que figure o titular e a súa numeración, un certificado bancario que acredite a titularidade da tarxeta, ou calquera outro documento que a acredite.
- Se o pagamento se realiza mediante talón ou cheque nominativo, tamén deberá presentarse unha fotocopia deste, que incluírá unha dilixencia co recibo da persoa interesada, e tamén un extracto bancario ou movemento que acredite que foi pagado pola persoa beneficiaria da axuda.
- Non se admitirán os pagamentos por provedores de servizos de pagamento (Bizum, Twyp, Pay Pal...).

16.2.- De acordo co establecido no Artigo 70.3 do Regulamento Xeral de Subvencións, logo de transcorrer o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requiriralle á persoa beneficiaria para que, no prazo improrrogable de quince días hábiles, sexa presentada para os efectos previstos. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 17.- Xestión orzamentaria das axudas.

17.1.- Xunto co acordo de aprobación da convocatoria de axudas para o pagamento de servizos destinados a promover o benestar e o autocoidado das persoas coidadoras que cumpran determinado requisitos previstos nela, realizarase unha retención de crédito polo importe total da convocatoria, coa finalidade de garantir a existencia de crédito adecuado e suficiente para as concesións que poidan derivar da propia convocatoria.

17.2.- Posteriormente, con cada resolución de concesión de axuda o órgano competente realizará unha autorización, compromiso e recoñecemento de obriga de pagamento para cada terceiro beneficiario, realizando a retención da garantía sinalada no apartado 14 da convocatoria.

Artigo 18.- Reintegro das subvencións concedidas

18.1.- O Concello da Coruña obrigará ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, nos seguintes supostos, ademais dos casos indicados no Artigo anterior:

a) A falsidade dos documentos presentados.

b) Incumprimento total ou parcial dos obxectivos ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.



c) Incumplimento total ou parcial da obrigaón de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no Artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos Artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións, así como o incumplimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, nos termos que se establecen no Artigo 45.5º da Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña.

e) Calquera outra causa das previstas nos Artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, e no Artigo 45 da Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña.

Así mesmo, procederáse ao reintegro do exceso nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras Administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas supere o custo total da actividade ou proxecto de que se trate. O reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. Con todo, cando sexa o propio concello quen advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por el.

18.2.- O procedemento para o reintegro será o establecido polos Artigos 41 e 42 da Lei Xeral de Subvencións e 9 e seguintes do Regulamento Xeral de Subvencións.

En todo caso, durante a tramitación do procedemento de reintegro garantirase o dereito da persoa interesada ao trámite de audiencia.

Artigo 19.- Renuncia ou desistencia.

En calquera momento poderá a persoa beneficiaria desistir ou renunciar á súa concesión, sen prexuízo das responsabilidades ás que, nalgún suposto, houberse lugar, e sen prexuízo de que, no caso de terse producido xa o aboamento desta, deba procederse á súa devolución conforme o procedemento de reintegro de subvencións citado.

Artigo 20.- Infraccións e sancións

20.1.- Constituirán infraccións en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

20.2.- Poderanse impoñer as sancións tipificadas nos Artigos 59 a 63 da Lei Xeral de Subvencións, axustándose ao procedemento sancionador previsto nos Artigos 52 a 58 e 66 a 69 da citada Lei, e sendo o órgano competente para a súa resolución o mesmo órgano que ten atribuída a competencia para a resolución de concesión e aboamento das subvencións, é dicir, a Tenente de Alcaldesa, responsable da área de Igualdade, Benestar Social e Participación por delegación da Xunta de Goberno Local.

Artigo 21.- Competencia para a aprobación da convocatoria e recursos contra esta

21.1.- A aprobación da convocatoria é unha atribución da Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no Artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. Contra o devandito acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer, de maneira potestativa, recurso



de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o adoptou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo para presentar o recurso a partir do día seguinte ao de publicarse oficialmente o acordo de aprobación da convocatoria no BOP.

21.2.- Autorízase e faculta á Concellería delegada de Igualdade, Benestar Social e Participación coa aprobación desta convocatoria, como competente en materia de axudas sociais, para:

a) Interpretar e desenvolver o establecido na presente convocatoria, así como para a corrección dos posibles erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nela, de acordo co establecido no Artigo 109.2 da 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) Ampliar o crédito destinado á devandita convocatoria conforme o previsto no Artigo 3 desta convocatoria, sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

c) Realización de os actos, trámites ou xestións sexan precisos para a execución e bo fin do acordado pola presente convocatoria.

Artigo 22.- Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro que ten por obxecto xestionar o presente procedemento, así como poder informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o órgano responsable do dito ficheiro o Concello da Coruña.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello da Coruña, nos termos establecidos nos Artigos 13 ao 18 da citada Lei, a través da Sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites>, engadindo na descrición da procura de procedementos o texto "Protección de datos de carácter persoal").

Artigo 23.- Información estatística adicional

A información fornecida polas persoas solicitantes poderá ser utilizada con fins estatísticos sobre os resultados das actividades ou investimentos subvencionados. Estes datos poderán versar sobre os indicadores de avaliación e seguimento da situación socioeconómica que estableza o Concello da Coruña, para ese efecto.

Artigo 24.- Publicidade das subvencións no Portal da Transparencia

De conformidade coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, e co Artigo 15.2. c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a relación de persoas beneficiarias da subvención publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web dos servizos sociais municipais, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade, previa disociación dos citados datos conforme a normativa aplicable.

De conformidade co previsto nos Artigos 17.3. b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, transmitirase á base de datos nacional de subvencións a información requirida por



esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base de datos e o seu extracto para o Diario Oficial da Provincia da Coruña.

Así mesmo, co obxecto de ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno, resúltalle de aplicación a Instrución de Transparencia do Concello da Coruña, de 9 de marzo de 2016.

A Coruña, na data da sinatura dixital que consta no documento